

Da versión en caché de <http://www.farodevigo.es/portada-pontevedra/2009/10/19/lourizan-volveria-paraiso-poner-o-seu-patrimonio/378461.html> de Google do 19.10.09 04:54:05 GMT.

**farodevigo.es**  
Decano de la prensa nacional

Lunes 19 de octubre de 2009

Lukas Santiago - Arqueólogo e realizador

## "Lourizán volvería ser un paraíso, de poñer en valor o seu patrimonio"

### "Convertiron esta parroquia no patio traseiro de Pontevedra"

Mentras estudaba Historia, Lukas Santiago decatouse de que practicamente non existían documentais sobre a historia de Galicia, e menos aínda de Arqueoloxía. Os mestres da súa facultade víanse obrigados a poñer aos alumnos documentais da BBC. Foi entón cando este pontevedrés de Lourizán decidiu empezar a rodalos él.

**F. MARTÍNEZ - PONTEVEDRA** As súas orixes en Lourizán, no seo dunha familia de mariscadores, e os seus posteriores estudos en Historia e Comunicación Audiovisual conduciron a Lukas Santiago (Pontevedra, 1973) ao empeño de investigar e documentar lugares e riquezas de Galicia tan castigadas como a súa parroquia. Logo de rodar outras crónicas, Lukas Santiago prepara agora "Lourizán, parroquia mártir. Crónica dun paraíso perdido".



Lukas Santiago, cun dos seus documentais. Noé Parga

#### – Que expón este traballo?

– Eu son de Lourizán, a miña familia son mariscadores e a miña avoa estivo no cárcere cando en 1958 encarceraron a unhas mariscadoras que protestaban contra a Celulosa, porque lles estaban arruinando o seu modo de vida. Foi algo que mamei, esa e tódalas salvaxadas que fixeron aquí e que levou á miña parroquia a ser o patio traseiro de Pontevedra. Hai cincuenta anos Pontevedra remataba no semáforo de Mollabao e hoxe en día sigue rematando no mesmo punto, porque medrou de costas a Marín.

#### – Cal é ese paraíso que se perdeu en Lourizán?

– Para explicalo graficamente, a finais do século XIX, Eugenio Montero Ríos fixou a súa residencia galega no Pazo de Lourizán, e fixo un pabellón de invitados ilustres no que hoxe é o colexio do Sagrado Corazón dos Praceres. Por algo escollería este enclave. Naquela época se puxeron de moda os baños de mar, para un turismo de élite. **Ese lugar tan paradisíaco, que xa o suxire o seu nome, "Os Praceres", contaba ademais co banco marisqueiro máis produtivo e de maior calidade de Galicia, ata que chegou a Celulosa. De alí saía a cría de molusco para todos os bancos de Galicia. Agora a calidade do produto é de zona C.** Todo aquel auxe tivo un

punto de inflexión na Guerra Civil e a posguerra. Aquelo morreu, pero o banco marisqueiro matoulle a fame a moita xente da parroquia. Di o meu avó que a Celulosa non a quixeron en Vigo e a trouxeron para aquí.

**– Que podería ter sido Lourizán?**

– **Habería que facer un estudo económico comparativo do que é a zona comprendida entre Pontevedra e Marín sin Celulosa fronte ao que é con Celulosa. Despois da pasteira, meteron aí as depuradoras, con máis peste para a nosa parroquia, e agora aínda por riba lle meteron o tren polo medio da praza do pobo, imposto durante o goberno de Aznar mediante represión policial. Utilizaron a represión policial para pasar sobre a vontade dun pobo. Logo viron os tribunais a darlle a razón aos veciños, pero para nada, porque a obra está feita, ninguén a move, e os promotores desta obra xa sabían daquela que era ilegal, o que pasa é que xogaron coa política de feitos consumados e conseguiron rematar unha obra que era claramente ilegal dende o primeiro momento.**

**– E no tocante ao patrimonio histórico e cultural?**

– Pois Lourizán volvería a ser un paraíso de poñer en valor o seu patrimonio. Nas primeiras obras do tren a Marín atopouse unha vila romana con factoría de salgadura e o que fixeron foi tapalo con formigón, logo anos despois seguiron coas obras. Eu tiven na miña man o estudo de impacto arqueolóxico e decía algo así como que aínda que houbera unha vila romana alí, pois como estaba xa tapada con formigón, pois non pasa nada, que mellor era tirar para adiante. E así con todo, en vez de apostar pola nosa riqueza patrimonial, o que se fai é tapalo todo, ignoralo, derruílo e facer como si aquí nunca houbera nada.